



FICHA 1.1.1- FICHA INFORMATIVA PARA CONTRATAS EN VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS DO TERMO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

O presente documento ten como obxecto informar a <EMPRESA>, contratada para a execución de traballos nas vías e/ou espazos públicos urbanos do termo municipal de Pontevedra, sobre os riscos laborais xerais existentes no centro de traballo, as medidas de prevención esenciais a seguir así como as normas básicas de actuación para casos de emerxencia que poidan afectar ao seu persoal, en cumprimento das obrigas relativas á coordinación de actividades empresariais definidas no R.D. 171/2004 que desenvolve o art. 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Este documento foi redactado en base á información da que dispón o Servizo de Prevención de Riscos Laborais do CONCELLO (TPRL) en relación ás seguintes actividades a realizar por contratatas e/ou subcontratatas en vías e/ou espazos públicos urbanos do termo municipal de Pontevedra (**listaxe non exhaustiva**):

- Organización de eventos institucionais na rúa, prazas públicas e espazos abertos como:
 - actividades socioculturais (eventos en xeral, desfiles, festivais, festas en xeral,... así como a instalación de infraestruturas derivadas das anteditas actividades).
 - actividades deportivas (probos deportivos en xeral así como a instalación de infraestruturas derivadas das anteditas actividades).
 - actividades infantís (excursións, festivais, teatro,... así como a instalación de infraestruturas derivadas das anteditas actividades. ...).
- Sinalización (horizontal e vertical como a colocación e mantemento de sinais, pintado de rúas), servizo estacionamento regulado en superficie; Semaforización (colocación e mantemento da rede semaforica), Guindastre (retirada, inmovilización e depósito de vehículos aparcados, parados ou estacionados indebidamente na rúa).
- Subministro auga potable, mantemento da rede de subministro.
- Actividades de promoción do comercio da cidade.
- Mantemento en xeral das instalacións: alumeadado público,...
- Recollida de lixo; baleirado de papeleiras; mantemento e conservación de colectores de lixo; retirada de polas da vía pública; retirada de vehículos abandonados na vía pública; retirada de animais domésticos mortos en vía pública; retirada de residuos voluminosos e sacos de escombros, limpeza de cunetas e noiros en beirarrúas, camiños, rúas...
- Servizo salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria en praias. Colocación de carteis informativos e de vallas, hortos urbanos, limpeza do río, programas de actividades de sensibilización, programas de retirada de niños de paxaros,...
- Mantemento das zonas axardinadas.
- Transporte público de viaxeiros; colocación e mantemento do mobiliario urbano.
- Autobús turístico. Visitas guiadas a pé polo casco urbano da cidade.
- Humanizacións de rúas, mantemento (asfaltado, bacheo e reparación de beirarrúas,...) das vías públicas urbanas de titularidade municipal, construción de muros, obra civil para canalizacións diversas (auga, luz, gas, telecomunicacións...).

Fóra destes traballos esta ficha informativa non é de aplicación. Se detectan algunha situación non recollida, agradecemoslles informen ao TPRL. (**Importante!** Non se contemplan os riscos asociados ao propio traballo, para os que deberán adoptarse as medidas preventivas establecidas nas correspondentes avaliacións de riscos ou plans de seguridade e saúde).

<EMPRESA> deberá informar ao CONCELLO sobre calquera situación de risco que poda interferir cos traballos a realizar por outras empresas na vía e espazos públicos urbanos, para que se adopten as medidas preventivas necesarias para reducir ou eliminar o risco.

<EMPRESA> deberá trasladar a información contida neste documento aos seus traballadores, contratistas e subcontratistas e asegurarse de que estes asimilan adecuadamente a información facilitada antes do inicio da súa actividade.

Conforme ao deber de vixilancia, o CONCELLO resérvase o dereito de interromper os traballos efectuados polo persoal da empresa contratista, no caso de incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

<EMPRESA> deberá presentar en tempo e forma, e en todo caso antes do inicio dos traballos, a documentación preventiva esixida legalmente así como calquera outra documentación complementaria que sexa requirida.

TRABALLOS DE RISCO ESPECIAL

Recoñécense os seguintes traballos de risco especial vinculados aos traballos en vías e espazos públicos urbanos:

- **Traballo ocasional en altura** (traballos que se poidan realizar en desniveis, noiros, escaleiras, uso de PEMP,...).
- **Traballo en espazo confinado** (acceso a instalacións soterradas, túneles, galerías de servizo ou redes de sumidoiros,...).
- **Traballo con risco eléctrico**. Os traballos contemplados no *RD 614/2001*.
- **Traballo con risco de exposición a amianto**. Os traballos deberán executarse segundo o establecido no *RD 396/2006*.
- **Traballos con risco de explosións** (traballos en proximidade de conducións de gas, posible existencia de depósitos de combustible soterrados baixo a vía pública,...). Os traballos deberán ser executados segundo o establecido no *RD 681/2003*.
- **Traballos con risco de afogamento** (traballos executados no mar, ríos ou nas súas beiras).

Durante a realización destes traballos é obrigatoria a presenza de recurso preventivo.



TRABALLADORAS EN SITUACIÓN DE MATERNIDADE E/OU LACTACIÓN

- Está prohibido que as traballadoras embarazadas, parto recente ou lactación natural, realicen traballos encadrados dentro dos Anexos VII e VIII do *Real decreto 39/1997*.

TRABALLADORES MENORES

- En cumprimento do disposto no Decreto de 26 de xullo de 1957, está prohibido o traballo de menores nas circunstancias especificadas na dita lexislación.

ACCIDENTES DE TRABALLO GRAVES OU MORTAIS

- <EMPRESA> comprométese a informar inmediatamente ao CONCELLO (TPRL) de calquera accidente grave ou mortal que sufra o seu persoal, ou persoal de empresa subcontratada ou autónomo, durante a realización dos traballos para o CONCELLO.

RISCOS XERAIS E MEDIDAS PREVENTIVAS ASOCIADAS

RISCO	MEDIDA PREVENTIVA
<p>ATROPELLOS OU GOLPES POR VEHÍCULOS (producida durante a realización de traballos na vía ou espazos públicos de titularidade municipal)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar EPI alta visibilidade (mínimo clase 2 segundo UNE-EN 20471) sempre que se permaneza ou acceda á vía pública ou espazo público con circulación de vehículos. • Prestar especial atención nas zonas de entrada e saída de vehículos (aparcadoiros e garaxes, saídas de vehículos en recintos en obras,...). • Cruzar sempre respectando os sinais de tráfico e polas zonas establecidas ao efecto. • Os traballadores deberán transitar sempre que sexa posible polas beirarrúas e zonas de paso establecidas ao efecto. • Sinalizar e balizar as zonas de traballo nas vías do CONCELLO correctamente. Cumprir coa Instrución de Sinalización en Obras Municipais do CONCELLO. • En traballos que se realicen coa axuda de vehículos a motor evitar situarse diante, detrás e nos denominados "ángulos mortos". • Prestar especial atención á sinalización e balizamento de traballos en zonas con curvas, pasos baixo nivel, en pendente e lugares de escasa visibilidade. • Desviar e controlar o tráfico sempre que as características do traballo a realizar o requiran (solicitando previamente o correspondente permiso ao CONCELLO). • Sempre que sexa posible realizar os traballos na dirección na que circulan os vehículos non de costas. • Durante a conducción de vehículos respectar a sinalización e límites de velocidade existentes así como o Código de Circulación. • O condutor do vehículo deberá asegurarse que non existe ninguén na zona de influencia antes de realizar manobras co vehículo (marcha atrás, etc...). Se é necesario solicitará a colaboración dun compañeiro.
<p>CAÍDA DE OBXECTOS (Izado e descenso de obxectos)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Está prohibida a presenza de persoas na zona de influencia durante as operacións de manutención de material e/ou durante o traballo realizado dende a cesta das PEMP. • Suspenderase os traballos sempre que exista risco de desprendemento de elementos materiais por aviso de temporal (fortes ventos, choiva intensa, etc...).
<p>CHOQUES CONTRA OBXECTOS INMÓBILES PERMANENTES (paso de vehículos con exceso de gálibo por zonas non autorizadas)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Respectar as limitacións de gálibo establecidas polo servizo competente do CONCELLO para as vías e espazos públicos.
<p>CAIDA DE OBXECTOS POR DESPLOME OU DERRUBAMENTO (sepultamentos durante a realización de traballos en gabias, corrementos de terras e afundimentos por non respectar limitacións máximas de carga)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • As gabias deben ter garantida a estabilidade das paredes, mediante procedementos de traballo específicos. • Na realización de entibacións estudar previamente a consistencia, presións laterais, estabilidade, estratos, humidade, densidade, permeabilidade, vibracións producidas por vehículos próximos en movemento, etc... e adoptar as medidas preventivas axeitadas para reducir/eliminar o risco de derrubamento. • Os vehículos e maquinaria de obra deberán manter as distancias mínimas entre o borde da rodadura e o canto da gabia ou noiro (2 m como norma xeral; estudarse segundo o punto anterior). • Non se debe dispor de material nas inmediacións das gabias e noiros (respectar unha distancia mínima, dependendo das características da gabia e do terreo). • Revisar os noiros e gabias antes da xornada laboral e especialmente despois de calquera tipo de paralización por fenómenos meteorolóxicos adversos intensos. • Ante a sospeita de risco de derrubamento dunha gabia, desaloxar inmediatamente e pechar a zona para previr accidentes. • Respectar (circulación, parada e estacionamento) as limitacións de carga ou peso máximo autorizado establecidas para as vías e espazos públicos polo CONCELLO.
<p>INCENDIOS OU EXPLOSIÓNS (traballos de mantemento realizando traballos en quente, etc...)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Non está permitido manipular elementos dunha conducción en servizo se non se conta coa autorización por escrito da compañía subministradora. • Non está permitido fumar ou realizar lume ou faísca na proximidade de zonas con



RISCO	MEDIDA PREVENTIVA
	<p>conducións de gas ou elementos combustibles/inflamables.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Determinar con carácter previo ao inicio da obra de excavación a existencia de conducións soterradas de todos os posibles servizos (por ex. telecomunicacións, gas, saneamento, abastecemento auga, electricidade, alumado público, rede semafórica, pluviais, etc...), informar aos traballadores, sinalizalas indicando dirección e profundidade e adoptar as medidas preventivas que correspondan. • No caso de sospeita ou rotura ou fuga de canalización, comunicar inmediatamente aos servizos de emerxencias, á compañía subministradora e paralizar os traballos. Alonxar a todas as persoas para evitar riscos que poidan ocasionar accidentes. Sinalizar e delimitar impedindo o acceso a traballadores ou persoas alleas. • Prestar especial atención e adoptar as medidas preventivas axeitadas durante a realización de traballos onde exista risco de asfixia por deficiencia de osíxeno, intoxicacións por presenza de gases e vapores tóxicos, ou explosións ou incendios pola presenza de substancias inflamables. Estes riscos poden ser xerados polos propios equipos de traballo ou produtos ou substancias químicas utilizadas.
CAÍDAS A IGUAL NIVEL	<ul style="list-style-type: none"> • Transitar polas beirarrúas evitando os bordos. • As rúas e beirarrúas poden presentar irregularidades que poden dar lugar a tropezóns e caídas. Camiñar sempre con precaución. • Prestar atención sempre que se transite pola vía pública e utilizar sistema auxiliar e puntual de iluminación no caso de que non exista iluminación natural nin artificial xeral (se fose necesario empregárase iluminación ATEX). • Durante a xornada e ao seu remate é obrigatorio manter/deixar a zona de traballo ordenada e limpa, dentro da medida do posible. • Está prohibido correr, salvo risco inminente. • Está prohibido saltar dende os vehículos para subir/baixar. O acceso debe realizarse polos accesos establecidos ao efecto. • Recoméndase o uso de calzado de traballo con piso antiesvaradizo.
CAÍDAS A DISTINTO NIVEL (polas escaleiras, noiros, desniveis ou dentro de rede de sumidoiros, galerías de servizo etc... por tapas de rexistro mal colocadas ou inexistentes)	<ul style="list-style-type: none"> • A realización de traballos temporais en altura executarase segundo o establecido no RD 2177/2004. • Camiñar prestando atención ao chan e utilizar iluminación auxiliar se a iluminación existente non é suficiente. • Identificar, delimitar e protexer as aperturas no chan que podan ocasionar caídas a diferente nivel (gabias, cámaras de rexistro, etc...). • Se é necesario o paso sobre as gabias, dispoñer pasarelas de resistencia axeitada, ancho mínimo 60 cm e con varanda. • O tránsito polas escaleiras debe realizarse devagar.
RISCO ELÉCTRICO	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar o procedemento que proceda segundo o RD 614/2001 no caso de traballos con risco eléctrico. Se é necesario solicitarase á empresa subministradora o corte do paso da corrente e non se comezarán os traballos ata ter a certeza de que non hai tensión. • Para a realización de traballos eléctricos os traballadores deberan ser autorizados e/ou cualificados segundo o RD 614/2001. • Utilizar equipos eléctricos axeitados para traballos á intemperie.
EXPOSICIÓN A TEMPERATURAS AMBIENTAIS EXTREMAS	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar roupa de traballo adaptada aos compoñentes ambientais: frío e calor excesivos, que protexa no caso de choiva,... • En días moi calorosos adoptaranse medidas preventivas adicionais que garantan a <u>seguridade dos traballadores nos traballos á intemperie.</u>
EXPOSICION A RADIACIONS	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitarlles medios de protección (roupa de traballo, protección da cabeza, crema de protección solar, etc...) que reduzan o risco de exposición a radiacións ultravioletas.
ACCIDENTES CAUSADOS POR SERES VIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Instruír aos traballadores nos primeiros auxilios a aplicar no caso de mordeduras producidas por animais e por picaduras de insectos. • Facilitar medios de comunicación que permitan a rápida comunicación cos servizos de urxencias e emerxencias.



OUTROS

EPI E PROTECCIÓN COLECTIVA	<ul style="list-style-type: none"> • É obrigatorio o uso dos EPI e protección colectiva necesarios para a realización de cada traballo, segundo a avaliación de riscos do posto. • Non se permite o uso de EPI sen marcado CE.
SINALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Acotar e non permitir que os peóns accedan as zonas de traballo e aos materiais almacenados.
MÁQUINAS E EQUIPOS DE TRABALLO	<ul style="list-style-type: none"> • Non se permite o acceso e o traballo de equipos de traballo que non dispoñan de marcado CE (ou teñan sido postas en conformidade segundo R.D. 1215/97) así como que non teñan ao día as probas, revisións e inspeccións oficiais e regulamentarias a realizar. • Os equipos de traballo deben estar acompañados do correspondente manual de instrucións. • Os usuarios dos equipos de traballo deben estar autorizados polo seu superior xerárquico para a súa utilización.
SUBSTANCIAS QUÍMICAS	<ul style="list-style-type: none"> • A manipulación de produtos e substancias químicas realizarase respectando o contido das FDS. • E obrigatorio que cada produto ou substancia química empregado nas instalacións, estea acompañada da correspondente FDS actualizada no momento da súa utilización. • Os usuarios de produtos perigosos deben estar autorizados polo seu superior xerárquico para a súa utilización.
RISCOS BIOLÓXICOS (posible contacto con xeringas contaminadas; cortes ou picadas con elementos en mal estado, entrada de axentes biolóxicos a través de feridas e cortes, etc...)	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar campañas de vacinación e profilaxe. • Instruír aos traballadores sobre o tratamento de feridas e cortes que poden ser entrada de axentes infecciosos. • Para realizar a recollida dunha xeringa establecer un protocolo de actuación que debe ser coñecido e aplicado por todos os traballadores (inspección previa da zona de traballo, uso de luvas de protección, pinzas para recoller as xeringas e depósitos de seguridade biolóxica para depositalas).
EMERXENCIA	<ul style="list-style-type: none"> • Siga as instrucións de actuación no caso de emerxencia (Anexo I deste documento). • Ter acceso case inmediato a unha caixa de primeiros auxilios así como ter establecido un protocolo de emerxencias.
PROHIBICIÓN ACCESOS	<ul style="list-style-type: none"> • Está prohibido o acceso libre ás zonas onde se especifique "acceso prohibido a persoal non autorizado" sen a previa autorización emitida polo xefe do servizo xestor do recinto.
TRABALLOS EN SOLITARIO	<ul style="list-style-type: none"> • Non está permitida a realización de traballos en solitario durante a realización de traballos potencialmente perigosos: obras de construción, traballos con risco eléctrico, traballos en espazos confinados, traballos en altura, traballos con risco de afogamento e en xeral calquera traballo que poda ser considerado de risco especial.
PSICOSOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar adestramento específico de habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para afrontar o estrés aos colectivos que poden sufrir enfrontamentos cos cidadáns.
ESPAZOS CONFINADOS	<ul style="list-style-type: none"> • Os traballos en espazos confinados deberán realizarse sempre seguindo un procedemento de traballo seguro aprobado pola empresa que os executa, que debe ser coñecido e aplicado por tódolos traballadores que participan na tarefa.
AFOGAMENTO (traballos en ríos, praias)	<ul style="list-style-type: none"> • Antes de introducirse no mar, consultar ás indicacións das bandeiras de sinalización costeira establecida pola autoridade competente. Actuar en consecuencia. Se non están dispoñibles consultar o estado do mar a través dun organismo fiable (meteogalicia, aemet, portos do estado...) • Prohibido realizar traballos en solitario neste tipo de traballos. • Os traballadores que se introduzan dentro da auga deberán ir dotados de chaleco salvavidas ou sistema de seguridade análogo. • Este tipo de traballos deberán realizarse sempre seguindo un procedemento de traballo seguro aprobado pola empresa que os executa, que debe ser coñecido e aplicado por tódolos traballadores que participan na tarefa.
USO DE EQUIPOS DE TRABALLO E SUBSTANCIAS QUÍMICAS PROPIEDAD DO CONCELLO	<ul style="list-style-type: none"> • Queda expresamente prohibido o uso de equipos de traballo e substancias químicas propiedade do CONCELLO sen a correspondente autorización por escrito emitida pola xefatura correspondente. • A dita autorización implicará a información específica sobre os riscos e medidas preventivas, a entrega do manual de instrucións do fabricante (para o caso de máquinas ou equipos de traballo), a entrega da FDS actualizada (para o caso de substancias químicas) e o adestramento no uso se fose necesario.
ACCIDENTES CAUSADOS POR VEHÍCULOS PESADOS E/OU DE GRANDES DIMENSIÓNS E TRANSPORTES ESPECIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Os vehículos pesados e/ou de grandes dimensións e transportes especiais, deberán circular polas rutas previstas e cumprindo os requirimentos dos servizos municipais correspondentes.



ANEXO I.- NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA EN VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

En cumprimento do establecido no **artigo 20 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais** informámoslles das medidas xenéricas de actuación no caso de emerxencia para os traballos realizados no centro de traballo: vía pública e espazos públicos urbanos do termo municipal de Pontevedra. Estas indicacións deberán ser completadas en función dos riscos que xeren os propios traballos a realizar por cada empresa, en cada centro de traballo.

As **situacións de emerxencia** que se contemplan son:

- **NATURAIS:** Terremotos; Correntos de terras; Inundacións; Temporais; Tormentas
- **TECNOLÓXICAS:** Incendios; Explosións; Verteduras ou escapes de substancias tóxicas ou perigosas
- **VARIOS:** Agresións causadas por seres vivos. Accidentes de circulación. Accidentes.

CADA BRIGADA DE TRABALLO DEBERÁ CONTAR CON:

Medios materiais:

- Equipos de extinción de incendios axeitados ao tipo de lume a extinguir segundo a natureza dos traballos a executar
- Sistemas de detección de gases (no caso necesario en función do traballo a realizar)
- Caixa de urxencias portátil correctamente equipada
- Sistema de comunicación cos servizos de emerxencias e cos seus superiores
- Relación de teléfonos útiles en caso de emerxencia
- Medios de contención e recollida de verteduras para produtos e substancias químicas (no caso necesario en función do traballo a realizar)

Persoal con formación en:

- Manexo equipos manuais de extinción de incendios
- Materia de primeiros auxilios
- Específica sobre como detectar fuga de gas (no caso necesario, en función do traballo a realizar)
- Recollida de verteduras (no caso necesario, en función do traballo a realizar)

Os traballos con risco especial (en espazos confinados, en altura,...) deberán ter contemplado un procedemento de rescate para caso de emerxencia.

SE VOSTEDE DETECTA UNHA EMERXENCIA

Se vostede detecta unha situación anómala que poida dar lugar a unha emerxencia **COMUNÍQUEO** o antes posible:

- Ao 112 describindo a situación detectada e a súa localización exacta.
- Ao seu superior xerárquico.

Ademais:

1. Deixe os equipos de traballo en posición de seguridade e inicie a evacuación.
2. Non leve obxectos que poidan dificultar a marcha.
3. Non retorne a por obxectos persoais, iniciada a evacuación non está permitido cambiar o sentido da marcha.
4. Afástese da zona de emerxencia.
5. Preste os primeiros auxilios (se dispón de formación) mentres espera a chegada dos equipos de emerxencias.
6. Elimine os obstáculos que impidan o acceso aos equipos de emerxencias.

INCENDIOS E EXPLOSIÓNS


1. Dea a voz de alarma.
2. Se dispón de formación e medios axeitados para controlar ou extinguir o tipo de lume (conato) proceda á súa contención / extinción.
3. Asegúrese de que ninguén pode acceder á zona de perigo.
4. Se é posible, sinalice e delimite a zona impedindo o acceso a traballadores ou persoas alleas.
5. Afástese da zona, sitúese nunha zona segura, e espere á chegada dos servizos de extinción de incendios.

VERTEDURAS DE SUBSTANCIAS TÓXICAS E PERIGOSAS

1. Se dispón de formación e medios axeitados para a recollida da vertedura proceda á súa contención; no caso contrario, apártese da zona e espere á chegada dos servizos de emerxencias.
2. Faciliteltes información do produto/substancia a recoller así como a copia da FDS.

ESCAPES DE GAS (rotura ou fuga de canalización (ou sospeita de)

1. Paralizar os traballos até que a compañía subministradora autorice a reanudación.
2. Avisar á empresa subministradora para que proceda ao corte do subministro.
3. Dar a voz de alarma.
4. Asegurarse de que ninguén pode acceder á zona de perigo.
5. Se é posible, sinalizar e delimitar a zona impedindo o acceso a traballadores ou persoas alleas.
6. Afastarse da zona, situarse nunha zona segura, e espere á chegada dos servizos de emerxencias.

 CONCELLO DE PONTEVEDRA	PROCEDEMENTO PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	CÓDIGO PROC.PRL-703	
	COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS	Data: 04-05-2017	
		Páxina: 6/6	Rev.0

TERREMOTOS, CORREMENTOS DE TERRAS, INUNDACIÓNS, TEMPORAIS, TORMENTAS,...

Dende o 112 e/ou Protección Civil establécense niveis de alerta por risco meteorolóxico segundo á seguinte gradación:

Nivel Verde:	Non existe ningún Risco Meteorolóxico
Nivel Amarelo	Non existe risco para a poboación en xeral, pero si para determinadas actividades concretas.
Nivel Laranxa	Existe un Risco Meteorolóxico Importante.
Nivel Vermello	O Risco Meteorolóxico é Extremo

En caso de que se estableza un nivel de risco Laranxa ou Vermello atenderase ás instrucións que emitan as autoridades e aos consellos de comportamento de protección civil.

<http://www.meteogalicia.es/web/adversos/adversosIndex.action>

AGRESIÓNS CAUSADAS POR SERES VIVOS

- Solicite unha ambulancia se a gravidade require o traslado a un centro hospitalario.
- Se non require atención sanitaria, aplique os primeiros auxilios.

ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN

- Acenda as luces de emerxencia ou de situación.
- Deteña o vehículo onde non presente un risco para o tráfico rodado, se é posible fóra da calzada.
- Colóquese o chaleco de alta visibilidade e abandone o vehículo.
- Sinalice o accidente utilizando os triángulos de sinalización (e conos se é necesario e dispón deles no vehículo).
- Colóquese en lugar seguro e espere a chegada dos servizos de emerxencias.
- No caso de precisar asistencia médica actúe segundo o especificado no apartado anterior (AGRESIÓNS CAUSADAS POR SERES VIVOS).

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN